

## ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2023/18	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

14 de decembro de 2023

**Duración:**

Desde las 20:38 hasta las 22:50

**Lugar:**

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

**Presidida por:**

José Carlos López Campos

**Secretaria:**

María Jesusa Fernández Bascuas

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ



[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON (se incorpora á sesión ás 21:30 h)	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
[REDACTED]	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
[REDACTED]	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
[REDACTED]	M <sup>a</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
[REDACTED]	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
[REDACTED]	VANESA IGLESIAS CASAL	SÍ
[REDACTED]	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada polo secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O 26 DE OUTUBRO DE 2023

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 26 de outubro de 2023, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 2 DE NOVEMBRO DE 2023

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 2 de





novembro de 2023, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

<b>Expediente 6442/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE POLA QUE PROPÓN A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DA ESTRADA</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 13, Abstencións: 2, Ausentes: 0

### **FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

Vista a Moción presentada con data 11/10/2023 (registro de entrada 2023E-RCIO-2) polo grupo do PSdeG-PSOE, que se transcribe literalmente de seguido:

*“O Concello da Estrada conta cun Regulamento de Participación Cidadá en vigor dende o 19 de marzo do ano 2008. Nese instrumento regúlanse as canles polas que os veciños e veciñas poden intervir no proceso de toma de decisións no ámbito local, que se ten por parte inseparable da sociedade democrática.*

*Nese Regulamento que é vinculante para o Goberno Municipal, regúlase a figura do Consello Parroquial (artigos 29 e seguintes) e a Asemblea Parroquial (artigos 34 e seguintes).*

*A Asemblea Parroquial está composta por todos os veciños e veciñas maiores de 18 anos censados na parroquia, e entre as súas competencias figuran a escolla dos membros do Consello Parroquial (Presidente/a, Vicepresidente/a e vogais).*

*Cómpre ter en conta a regulación da figura dos Alcaldes e Alcaldesas de barrio, recollida de xeito moi impreciso no art. 73 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia (LALG en adiante).*

*A función do Consello Parroquial é facilitar a participación, consulta, información, control e propostas da xestión municipal. O literal da norma aprobada no Concello da Estrada non abunda na regulación das alcaldías de barrio e establece unhas competencias para os Consellos Parroquiais que superan amplamente as funcións que por costume desempeñan os alcaldes/alcaldesas de barrio.*

*É importante subliñar que o Regulamento de Participación Cidadá enfoca ao Consello Parroquial dende un punto de vista moderno, sendo un órgano colexiado que representa aos veciños e veciñas diante do Goberno Municipal. Fórmano persoas escollidas entre os veciños e veciñas de xeito democrático.*

*O enfoque da alcaldía de barrio que ofrece a LALG responde á imprecisión de funcións e competencias e a unha concepción difusa sobre a súa representatividade e autoridade.*





*Ademais é un recurso potestativo do Alcalde/Alcaldesa, que pode nomear aos seus representantes, pero non hai na normativa ningún óbice a que ese nomeamento responda aos acordos tomados na Asemblea Parroquial.*

*Sabendo que os Consellos Parroquiais e Alcaldes e Alcaldesas de Barrio son figuras xurídicas distintas e que o Regulamento de Participación Cidadá propón competencias solapadas, convén reformar o regulamento a efecto de que os veciños e veciñas teñan claro a quen dirixirse.*

*A reforma debe pasar por unha concepción moderna do Alcalde/Alcaldesa de Barrio como representante dos veciños e veciñas diante do Goberno Municipal, sen negar a súa transcendencia como interlocutor válido entre a Alcaldía e os veciños e veciñas.*

*A inclusión da Alcaldía de Barrio dentro do Consello Parroquial facilitará a tarefa desas persoas que traballan polos seus veciños e veciñas de forma desinteresada, permitirá desenvolver con coherencia as Asembleas e Consellos Parroquiais e lexitimar a autoridade da que deben dispoñer os Alcaldes e Alcaldesas de Barrio.*

*Polo exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopten os seguintes ACORDOS:*

*1. Modificar o Regulamento de Participación Cidadá do Concello da Estrada, quedando redactado da seguinte forma:*

#### *Artigo 30.- Composición*

*Cada Consello Parroquial estará composto por:*

- Presidente: O/A alcalde/alcaldesa de barrio escollido nos termos deste Regulamento.*
- Vicepresidente, que actuará así mesmo como Secretario: Un veciño/a da parroquia.*
- Vogais: un mínimo de 1 e un máximo de 3, representantes das entidades de participación cidadá legalmente constituídas, inscritas no Rexistro municipal, que teñan como único ámbito de actuación a parroquia.*

#### *Artigo 30.bis.- Alcalde/Alcaldesa de Barrio*

*1. O/A Alcalde ou Alcaldesa de Barrio será o representante da alcaldía e do Goberno municipal na súa parroquia. Terá as funcións recoller as demandas veciñais e poñelas en coñecemento do Consello Parroquial e do Goberno Municipal. Ademais deberá poñer en coñecemento do Goberno Municipal aquelas deficiencias que observe.*

*2. O Alcalde ou Alcaldesa de Barrio trasladaralle aos veciños e veciñas toda a información que o Goberno Municipal lle transmita a respecto das demandas veciñais ou deficiencias observadas pola alcaldía de barrio.*

#### *Artigo 31.- Elección de membros.*

*1. O Consello Parroquial é o representante da parroquia, en tal condición, terá o carácter de autoridade no cumprimento das súas funcións.*





a. Os membros do Consello Parroquial serán nomeados por Decreto de Alcaldía seguindo a proposta da Asemblea Parroquial.

(...)

2. O procedemento electoral para escoller aos membros do Consello Parroquial regularase por acordo do Pleno da Corporación Municipal.

*Artigo 36.- Periodicidade das Asembleas*

(...)

*A proposta de nomeamento ou cese de calquera membro do Consello Parroquial farase nunha asemblea parroquial reunida a tal efecto, convocada por Decreto de nomeamento ou cese asinado polo Alcalde/Alcaldesa e Bando informativo, con esa única orde do día e por maioría dos asistentes.*

*2. Comezar o procedemento para a elección de Alcaldes e Alcaldesas de Barrio conforme ao disposto no Regulamento de Participación Cidadá modificado.*

*3. Repoñer na Web municipal o Regulamento de Participación Cidadá e as ordenanzas en vigor no Concello da Estrada.”*

Visto o ditame desfavorable acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, na sesión celebrada o 28/11/2023.

## RESOLUCIÓN

Ao abeiro do debatido nesta sesión, sométese o asunto a votación, sendo rexeitada a moción polos votos a favor dos grupos do PSdeG-PSOE e Mixto (MOVETE), en contra do grupo do PP e a abstención do grupo do BNG.

---

Antes de pasar ao apartado de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos presentes ten un asuntos ou moción para someter fóra da orde do día desta sesión.

Toma a palabra o concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, para explicar que é necesario incluír fóra desta orde do día o expediente 7489/2023 para tratar a proposta de aprobación do expediente de contratación dunha operación de Tesourería por situación transitoria de iliquidez para o pago de facturas de gasto corrente e investimento. Xustifica a súa urxencia no cumprimento do período medio de pagamento a provedores. É necesario contar con liquidez suficiente para poder pagar as facturas recoñecidas, e dar cumprimento aos prazos fixados na normativa de morosidade.





Despois de debatida a urxencia desta proposta sométese a votación, sendo aprobada polos votos a favor do grupo do PP, en contra do grupo do PSdeG-PSOE e as abstencións dos grupos do BNG e Mixto (MOVETE).

Sendo aprobada a urxencia, procédese a inclusión do expediente dentro da orde do día

<b>FÓRA DA ORDE DO DÍA: Expediente 7489/2023. PROPOSTA DE APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE TESOURERÍA 2023-2024 POR SITUACIÓN TRANSITORIA DE ILIQUIDEZ PARA PAGO DE FACTURAS GASTO CORRENTE E INVESTIMENTO.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 13, En contra: 5, Abstencións: 3, Ausentes: 0

### **FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

Vista a proposta do concelleiro delegado de Facenda e Contas de data 04/12/2023 sobre a operación de crédito que se motiva e describe deseguido.

Logo de ver o informe-proposta de Tesourería ao respecto da actual situación transitoria de tensión de tesourería que dificulta o cumprimento dos períodos de pagamento a provedores, fundamentalmente ocasionada polo desacompasamento durante o período 2022-2023 dos pagos correspondentes a certificacións de obra do IDAE, da obra "MELLORA E RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DA ESTRADA" cos ingresos derivados da subvención que financia as ditas obras, circunstancia que xustifica a concertación dunha operación de crédito a curto prazo, vía póliza de crédito en conta corrente, por importe de 3.000.000,00 euros, que se utilizará para pagar a facturación de gastos correntes e investimentos, coas seguintes condicións:

- OPERACIÓN: Operación de crédito a corto prazo: póliza de crédito en conta corrente.
- IMPORTE: 3.000.000,00 euros.
- FINALIDADE: Cubrir situación transitoria de iliquidez para o pagamento de gastos correntes e investimentos.
- DURACIÓN: 12 meses dende a súa formalización.
- PREZO: Segundo o tipo de interese a ofertar (ver condicións en documento oferta).
- TIPO DE INTERESE VARIABLE: Euríbor A TRES MESES, aplicable sobre o capital efectivamente disposto en cada momento.
- REVISIÓN/LIQUIDACIÓN DE INTERESES: Variable, con revisión trimestral.
- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN: 5 días hábiles dende a publicación.
- CUSTO MÁXIMO DA OPERACIÓN: Euríbor a 3 meses máis 54 puntos básicos (Eur3m +0,540%)





A operación proxectada máis as operacións vivas a curto prazo non superan o 30% dos ingresos liquidados por operacións correntes na liquidación do exercicio 2022, estando por enriba do límite do 15%, resultando o órgano competente para a súa aprobación o Pleno da corporación

Da análise realizada, conclúense aspectos relevantes da operación a concertar, sendo beneficioso para o Concello fixar uns criterios a ter en conta para a valoración das ofertas, tendo en conta os límites legais aplicables hoxe ás operación de crédito a concertar polas entidades locais, que se analizan no informe-proposta de Tesourería que obra no expediente e se concretan nos pregos de condicións incorporados ao mesmo.

Visto que consta Providencia da Alcaldía de inicio do expediente.

Vistos os Pregos de condicións de data 03/12/2023.

Visto que, con data 04/12/2023, emitiuse informe de Intervención sobre a aplicación do principio de prudencia financeira.

Visto que, con data 04/12/2023, emitiuse informe de Intervención sobre o cumprimento dos requisitos necesarios para a concertación dunha operación de crédito e a capacidade da entidade para facer fronte, no tempo, ás obrigacións derivadas da mesma.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o 11/12/2023.

Visto o informe-proposta de Tesoureira Municipal de data 13 de decembro de 2023.

Vistos os Pregos modificados segundo o proposto polo informe-proposta da Tesoureira Municipal asinados en data 13 de decembro de 2023.

Vista a proposta de resolución PR/2023/2429 de 13 de decembro de 2023, asinada polo concelleiro delegado de Facenda.

Visto o debatido nesta sesión, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do grupo do PP, en contra do grupo do PSdeG-PSOE e as abstencións dos grupos do BNG e Mixto (MOVETE), os seguintes **ACORDOS**:

## **RESOLUCIÓN:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente Nº 7489/2023 denominado “CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE TESOURERÍA 2023-2024 POR SITUACIÓN TRANSITORIA DE ILIQUIDEZ PARA PAGO DE FACTURAS GASTO CORRENTE E INVESTIMENTO” por importe de 3.000.000,00 euros.

**Segundo.-** Aprobar os Pregos de Condicións que rexen esta contratación modificados e asinados en data 13 de decembre de 2023 e proceder á publicación na Plataforma de Contratos do Sector Público do anuncio de licitación para que no prazo de cinco días hábiles os licitadores podan presentar a súa oferta.





**Terceiro.-** Que por intervención, se incorpore ao expediente a seguinte información económico-financeira para as entidades bancarias:

- Liquidación do exercicio 2022
- Orzamento do exercicio 2023
- Remanente Liquidado de Tesourería dos últimos exercicios
- Débeda viva
- Aforro neto
- Conta 413
- Pool bancario

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Expediente 7617/2023. PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA DAS MEDIDAS A ADOPTAR PARA A CORRECCIÓN E SANEAMENTO DO REMANENTE DE TESOURERIA NEGATIVO**

### FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2023-1029, do 18 de xullo, polo que se aproba a liquidación do Orzamento do exercicio 2022.

Visto o requerimento da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro en relación á remisión de información sobre as medidas adoptadas para o cumprimento da obriga de saneamento do remanente de Tesourería para gastos xerais.

Visto o informado pola Intervención municipal con data 10/11/2023 sobre a imposición de medidas para o saneamento do remanente de tesourería negativo, de conformidade co establecido no art. 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Vista a proposta de resolución PR/2023/2386 de 05/12/2023, emitida pola Alcaldía-Presidencia.

### DÁSE CONTA:

Da documentación que se detalla de seguido:

1. Informe técnico de Intervención de 10/11/2023 de imposición de medidas para o saneamento de Remanente de Tesourería negativo.
2. Das medidas a adoptar á luz de ese informe. Xúntase no expediente Anexo de avance







de medidas.

A corporación en Pleno queda sabedora, ao mesmo tempo que ordena a remisión do certificado da presente dación de conta á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, en cumprimento do requirimento solicitado.

**DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS DO 16 AO 31 DE OUTUBRO DE 2023 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 ao 31 de outubro de 2023 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2023-1480 ao número 2023-1550 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS DO 2 AO 30 DE NOVIEMBRE DE 2023 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 30 de novembro de 2023 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2023-1551 ao número 2023-1711 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**C) ROGOS E PREGUNTAS**

Neste apartado interveñen todos os voceiros e voceiras dos grupos municipais.

Así mesmo, en aplicación do Regulamento de Participación Cidadá, intervén a Sra. Balbina Martínez Ramallal (DNI [REDACTED]).

Todas as intervencións recóllense no arquivo audiovisual.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:





<https://aestrada-plenos.tiivii.com/2023/12/19/pleno-concello-de-a-estrada-14-de-diciembre-2023/>

Garantízase a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente que inclúe a marca dixital “hash”:  
E1705D5ED9CB4A0E29C40306984EFEBBA793685EEE45B9C1046CF3E03A378921,  
xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de  
Facenda e Administracións Públicas).

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: AYRYX2DXPQHPE67LAF6JYQX6  
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

